



Proxecto levado a cabo cunha licenza de formación durante o curso 2021-22
polas profesoras **Estela Suárez Recouso** e **Susana González Vázquez**.




Este proxecto está protexido por unha licenza
Creative Commons Atribución- Non comercial – Compartir igual 4.0



Descrición do recurso

O proxecto “Botar a lingua a pracer” consta de seis apartados:

1. Coñecemos a Eladía e a Rosa
2. Saúde e Terra, irmáns
3. A nosa Terra é nosa
4. Bos e xenerosos a prol da lingua
5. O quiosco da época
6. Nós, os inadaptados



En “**Coñecemos a Eladia e a Rosa**” achegamos algúns exercicios para presentar as dúas voces que escoitas nos podcast. Descubrirás que non son personaxes reais, senón que están tiradas de obras literarias galegas.



Quen é Eladia?

No podcast que vés de escoitar falan Eladia e Rosa. Preséntanse ao inicio e din que son dúas protagonistas de importantes obras literarias galegas.

Eladia aparece no capítulo IX de “**Memorias dun neno labrego**”, de X. Neira Vilas.



[Podes ler aquí o capítulo completo](#)



O capítulo comeza contando que Balbino xa non vai á escola. Por que?

Balbino medra e xa non ten máis que aprender, así que deixa a escola.

Eladia marcha da aldea para casar e Balbino séntese enganado. Pérdelle o gusto a estudar.



En cada unha das unidades, vas atopar os mesmos apartados:



ACTIVIDADE	DESCRICIÓN
	Aquí atoparás o podcast e a súa transcripción por escrito, por se tiveses algunha dúbida sobre os diálogos que se escoitan.
Cuestionario 	Realizarás un test na aula virtual cun número libre de intentos e sen límite de tempo. Servirache de autoavaliación, para saber se debes escoitar de novo o podcast ou se entendiches todo á primeira.
Actividades de creación 	Serán actividades nas que vas ter que desenvolver a túa creatividade e imaxinación. O punto de partida será sempre unha breve información do tema. Tamén terás consellos que deberás seguir para acadar a mellor puntuación.
Actividades de ampliación 	No podcast non podemos ofrecer con detalle moitos datos que cremos importantes. Estes exercicios terán como obxectivo afondar en temas, personaxes, aspectos... relacionados co tema que estamos a tratar.

Para acceder ao contido de cada apartado, unicamente haberá que pinchar sobre a icona correspondente, abríndose así os apartados correspondentes:



Podcast e transcripción 1

▼  Saúde e terra, irmáns.mp3
 Transcrición_Podcast_Saúde_e_Terra.pdf

Descargar cartafol



Entendiches o que escoitaches? Cuestionario



Resolve o cuestionario para comprobares que escoitaches con atención

Método de cualificación: Cualificación máis alta



Actividade de Ampliación

[Ver todos os intentos \(0 enviados\)](#)



A Asemblea Nacionalista de Lugo

Leer



Actividade de Creación

[Ver todos os intentos \(0 enviados\)](#)



Os Irmandiños e as Irmandiñas identificábanse por medio duns carnés persoais.

Mais... Se vivisen nos nosos días usarían as redes sociais para crear os seus propios perfís e así espallar mellor as súas ideas, non cres?

Pois imos axudarlles! Crearemos o Instagram das Irmandades da Fala do noso Instituto!



1 / 8 ▶

Nalgúns casos, terás exercicios interactivos, que deberás realizar na propia aula e que poderás corrixir ti mesmo/a:

Responde as seguintes preguntas 2 / 8

A Assembleia Nacionalista...

A I Assembleia ...

Responde as ...

Responde as S...

Le o docume...

As diferentes ...

Clasifica cada...

O remate

Saúde e Terra...

Enviar & resumo

A verba rexonalismo non recolle...

✓ ...as aspiracións e a intensidade dos seus problemas.

...os dereitos das mulleres a participar na política.

...a defensa da terra e da natureza

1/1

Rematar

Actividades interactivas, con solución

Responde as seguintes preguntas 2 / 8

É hora de que completes o remate do seu manifesto onde se anima á mocidade galega a seguir o ideario das Irmandades da Fala:

Vede, _____, o noso programa. Non é nin pode ser nosa verba definitiva; mais é, por decontado, un _____ d'anguria que vos chama e a única afirmación creadora feita na nosa _____.

Son chegado-os _____ d'erguere a y-alma e o pensamento de _____, e sobor todo a súa soberanía, compreta e sin cativeces. N-isto non caben discusións: Galicia ten dereito, un dereito fundamental, a ser dona ausoluta de si mesma. Con vountade ceibe faremos nupcias d'amore con outras soberanías, contr'as que non vai nin quér ire a soberanía nosa.

[...] Nossos brazos están abertos pr'a fecunda aperta. Todos _____ melloraremos a grande obra. O ideial que nos aloumiña vos pide que sintades a Galicia, coma nós no recuncho mais intenso das vosas almas.

Ninguén é inútil pra ista cruzada. A nosa _____ ténnha santa obriga co-a patria, e agardamos, ateigados do _____ do noso amore, que todo galego dino nos mande súa adhesión á Santa Causa da Redenzón da _____.

Na cibdá de _____, a noite do dazaoito de Samartiño do mil novecentos dazaoito.

✓ Comprobar

Lugo
lume inmenso
xuntos
irmáns galegos
berro
Nai Terra
Galicia
tempos
mocidade
patria galega

Noutros casos, deberás facer o exercicio e envialo:



Agora, chegou o intre de recitar o poema e gravallo. Escóitote!

Preme o botón da pate inferior para gravar a túa resposta.

00:00

● Gravar

E noutros, o profesorado encargarse da corrección ou supervisión. Será quen decida cando e como deberedes entregar o exercicio:

Agora que xa coñeces en profundidade as revistas da época, vas crear a túa propia revista.

A REVISTA VÓS

PROPOSTA DE ACTIVIDADE

- ✓ Formade un equipo de redacción de **catro** compañeiros/as.
- ✓ A vosa revista debe ter, como mínimo, os seguintes **apartados**:
 - **Portada**, na que se especifique o nome da vosa publicación.
 - **Editorial**, no que tratades un tema de actualidade (ou varios) expresando o voso punto de vista.
 - Un **anuncio** publicitario.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE



Consellos para acadardes a mellor puntuación

- Nunha **reunión inicial**, debatede os temas que ides tratar: nome da vosa revista, deseño, asunto do editorial, que ides publicitar... Sede respectuosos e adoptade as decisión por consenso. Ninguén é máis importante ca outro nunha redacción dunha revista!
- Coidade a **presentación**. Vistes o nivel estético das publicacións do quiosco da época? Vós debedes estar á altura (ou polo menos intentalo)
- Procurade **escribir con corrección**, sen faltas, sen castelanismos, buscando unha lingua coidada e culta... sodes redactores dunha revista!

CONSELLOS